



NOTA DE PRENSA 10 de febreiro 2021

## A D.O. Ribeira Sacra acode a Vinexpo con 12 adegas

12 adegas da **D.O. Ribeira Sacra** participan en París, do **14 ao 16 de febreiro**, da primeira acción de promoción conxunta levada a cabo pola Asociación de Consellos Reguladores do Viño de Galicia e das II.XX. Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (ACRUAGA). A participación na feira dá a oportunidade de contactar con expertos da industria dos diferentes países para impulsar as vendas e estimular o mercado internacional.

**Wine Paris & Vinexpo Paris 2022** será o principal evento empresarial internacional do ano dedicado ao sector do viño e das bebidas espirituosas. A cita reúne durante 3 días a compradores clave e aos principais responsables da toma de decisións no mercado do sector. A feira que presenta novos produtos e tendencias emerxentes ten a súa filosofía en construír relacións reunindo a máis de 2.800 expositores de 32 países. Este ano espérase que unhas 20.000 persoas visiten Vinexpo París.

En maio de 2019 a D.O. Ribeira Sacra acudía por segunda vez a Vinexpo Bordeaux. A participación neste tipo de citas supón promocionar e dar a coñecer os viños da D.O. no mercado internacional, de modo que as adegas que xa exportan, consolidan as súas vendas e as que aínda non o fan, teñen a oportunidade de abrir novos mercados.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)